



**Título:** *Materiais de Historia da España Contemporánea*  
**Autor:** Colectivo Aoristas  
**Editorial:** Tambre, A Coruña, 1995  
**Núm. pp.:** 616  
**Tamaño:** 21 x 25,5 cm

Contemplando a tarefa emprendida hai aproximadamente un ano coa publicación da obra *De como estudiármola Historia da España Contemporánea no bacharelato*, o colectivo de profesores que se agrupan baixo a denominación de Aoristas preséntanos agora o lóxico complemento a aquela primeira aportación, en forma dunha recompilación exhaustiva de documentos ilustrativos dos dous últimos séculos do acontecer histórico español. O presuposto con que se concibe o traballo obriga, loxicamente, a lembrar, ante todo, o que lle serve de referencia, dado que actúa como determinante da estructura que agora se adopta.

Con bos fundamentos metodológicos, os autores constrúan na obra antes citada un modelo axplicativo que facilitase a análise de calquera período histórico, con independencia do marco xeográfico. A que eles chaman "fórmula globalizadora" proxecta a atención do interesado sobre a unidade obxecto de

estudio fragmentándoa nunha serie de campos que permitan unha análise detallada. Consideradas por separado só a efectos de conveniencia didáctica, as diversas facetas deberán ser posteriormente integradas de modo que permiten compoñer unha visión global e atinada do que se pretende coñecer.

De modo concreto, o modelo alí deseñado e agora seguido establece unha división que abarca as seguintes partes: ocupación do espacio, planeamento político e modelo político, planeamento social e modelo social, planeamento económico e modelo económico. Aplicada á historia da España contemporánea, a fórmula concrétese nunha división cronolóxica segundo consideracións políticas. Baixo os criterios mencionados, procédese na primeira obra citada a un estudio das sucesivas etapas polas que transcorre o feito histórico español a partir do período isabelino. Trátase polo tanto, nesta ocasión, de proporciona-los materiais de apoio precisos para un

mellor desenvolvemento do proxecto elaborado anteriormente.

Compre, sen embargo, subliñar que estes *Materiais de historia da España Contemporánea* son válidos en por si, sen necesidade de consideralos coma simple complemento do traballo anterior dos mesmos autores. A súa utilidade como fonte de recursos didácticos disponibles para calquera tipo de ensino da materia non ofrece dúbida, tal é a amplitude e diversidade do repertorio documental que se brinda como instrumento auxiliar da práctica educativa.

A opción de reducir todo o posible o marco cronolóxico, sendo discutible, permite espremer ó máximo a capacidade explicativa dos materiais seleccionados. Certo é que, ó non remontarse máis alá do primeiro tercio do século XIX, quedan fóra elementos e factores verdadeiramente condicionantes do porvir, sobre todo no aspecto das fundamentacións ideolóxicas do liberalismo. Pero tamén o é que, limitando a perspectiva, a posibilidade de afondar nas etapas máis recentes facilita un atractivo engadido que, sen dúbida, actuará de motivador do interese do destinatario do labor do profesor, o que sempre resulta interesante. Atractivo

que se verá resaltado pola gran variadade que reviste a documentación. Sendo de carácter fundamentalmente escrito (literario, xornalístico, administrativo), o material inclúe considerables aportacións de tipo gráfico -de exquisita calidade- e documentos orais. Con todo, débe-se sinala-la preferencia dos autores polo material *primario*, polo propio da época precisa a que se refire en cada caso. Complétase cada unha das unidades de que se compón a obra cunha selección de textos historiográficos interpretativos que poden servir de útil e interesante contraste co traballo realizado na aula.

En suma, estamos ante unha densa e valiosa aportación que ha facilitar grandemente o persoal labor dun profesorado cada vez máis necesitado de medios de apoio que lle permitan responder con éxito ós estimulantes desafíos que está supoñendo a renovación das ensinanzas de nivel preuniversitario. Como final, non queremos deixar de citar con agradecemento á editorial Tambre, que na súa curta vida leva dado xa abundantes mostras de dedicación á nobre tarefa de contribuír a facer un pouco máis doado o traballo de alumnos e profesores do ensino secundario en Galicia.

Xavier R. Madriñán